



6

O NACIMENTO DO MUNDO MODERNO



A Escola de Atenas, de Rafael





Nos séculos XV e XVI desenvolveuse un novo xeito de comprender o mundo: o **Humanismo**. Os humanistas interesábanse pola cultura clásica grega e romana, e situaban o ser humano no centro do seu pensamento.

Tamén se criticou a corrupción e os abusos da Igrexa. Isto deu orixe á **Reforma**, un novo movemento relixioso que dividiu Europa entre **protestantes** e **católicos**.

Neste período naceu un novo estilo artístico, o **Renacemento**, baseado na arte e a mitoloxía clásicas. A palabra Renacemento creouse precisamente para indicar o inicio duns tempos novos.

1 Que era o Humanismo?

2 Observa o eixe cronolóxico e realiza estas actividades:

- Anota na parte superior o período ao que fai referencia o eixe.
- Sitúa estas datas no seu lugar correspondente: 1450, 1517, 1542, 1545-1563.
- Escribe agora o acontecemento que sucedeu en cada unha.

1400-1424	1425-1449	1450-1474	1475-1499	1500-1524	1525-1549	1550-1574	1575-1599

1 A recuperación do século XV

- A grave crise da Baixa Idade Media superouse durante a segunda metade do século XV. Iniciouse así unha etapa de **crecemento económico**.
- A desaparición das grandes epidemias e o aumento da natalidade fixeron posible un importante **crecemento demográfico** en Europa. Isto implicou un desenvolvemento:
 - Da **agricultura**: cultiváronse moitas terras abandonadas e xeráronse excedentes.
 - Do **comercio**: tanto o terrestre (seda italiana, la castelá, metais alemáns...) como o marítimo (rutas do Báltico, o Mediterráneo e o mar do Norte).
- Os mercadores necesitaban diñeiro para as viaxes e as mercadorías, e prestáballelo a banca. Cambiadores, prestamistas e banqueiros enriquecéronse moito e convertéronse nun grupo social moi influente.
- Co aumento do comercio e da banca, a **burguesía** conseguiu grandes beneficios. Algunhas familias (Médicis, Fugger) tiveron moita influencia política.
- Os reis consolidaron un novo modelo de organización do poder: a **monarquía autoritaria**. Creáronse exércitos permanentes, unha burocracia e Facenda para controlar os ingresos e os gastos, e unha diplomacia de Estado.



Miniatura que amosa o almacenamento e a colleita do trigo no século XVI.



Henrique VIII de Inglaterra foi un exemplo de monarca autoritario.

1 Que aconteceu en Europa na segunda metade do século XV?

2 Explica as principais consecuencias do aumento demográfico en Europa:

- 3 Fíxate neste mapa sobre o comercio das especias e realiza as seguintes actividades:



- Marca coa cor vermella a ruta das especias no século XV.
- De que cidades europeas saía esta ruta? Cita algúns países e cidades polas que pasaba:

- Con que especias se comerciaba?

- 4 Que ves nesta imaxe? Explica o papel de cambiadores, banqueiros e prestamistas na Europa do século XV:



2 O Humanismo

- O **Humanismo** foi un movemento de renovación cultural nado en Italia no século XV e que se espallou por Europa durante a primeira metade do XVI. As súas principais características eran:
 - Protagonismo do **ser humano**, o único dotado de razón e liberdade, e rexeitamento da mentalidade medieval, centrada na idea de Deus.
 - Inspiración na **cultura grecolatina**. Traducíronse os textos de grandes autores clásicos, como Platón e Aristóteles.
 - Interese pola **ciencia** e o **progreso técnico**.
 - Utilización das **linguas propias** de cada país (francés, italiano, castelán...) en substitución do latín e o grego.
- A difusión das ideas humanistas estivo impulsada pola invención da **imprenta**, a mediados do século XV. Grazas a ela, os libros imprimíanse en maior cantidade, menor tempo e de xeito máis económico.
- As **Academias** foron as impulsoras do pensamento humanista. Estaban formadas por eruditos que traducían libros antigos e intercambiaban ideas baixo o **mecenado** (protección económica) dun señor.
- As **Universidades** tamén tiveron un importante papel na creación e mais na transmisión de novos coñecementos.



O máximo representante do Humanismo foi Erasmo de Róterdam.



Lorenzo de Médicis. A familia Médicis de Florencia foi mecenas de destacados artistas, como Leonardo da Vinci ou Michelangelo.

1 Explica as principais características do Humanismo:

2 Que papel desempeñaron as Academias e as Universidades?

3 Observa os debuxos dunha imprenta e dun tipo móbil e realiza estes exercicios:

- Explica paso a paso como se realizaba a impresión dun libro:

.....

.....

.....

.....

- Que vantaxes tiña a imprenta respecto das copias escritas á man que se facían nos mosteiros?

.....

.....

.....

.....

- Escribe o teu nome con letras semellantes ás dos tipos móbiles:

4 Busca, nesta sopa de letras, cinco palabras relacionadas co Humanismo. Escribeas:

.....

.....

.....

.....

.....



Os tipos móbiles era as letras metálicas coas que se compoñían os textos nas imprentas.

S	N	I	A	C	A	D	E	M	I	A	L	M	U
O	E	O	S	A	N	E	C	E	M	D	O	G	P
F	R	F	U	S	V	S	T	D	P	H	T	A	X
Z	H	P	S	G	X	V	L	R	R	N	I	V	I
B	Q	I	A	H	O	Z	S	F	E	C	D	N	Z
P	D	V	O	F	P	T	B	N	N	G	U	D	N
A	E	X	N	Z	I	G	L	E	T	X	R	E	S
U	N	I	V	E	R	S	I	D	A	D	E	U	T
D	L	R	Q	V	M	C	E	P	L	I	S	R	F

3 A Reforma relixiosa. A Contrarreforma católica

- A finais da Idade Media había certo **males-tar** social pola actitude do alto clero: luxo esaxerado, compravenda de cargos da Igrexa e pagamento de diñeiro para obter o perdón dos pecados (**indulxencias**).
- Estas críticas levaron, durante o século XVI, a unha **Reforma** relixiosa, que recibe o nome de **protestantismo**.
- A principal doutrina reformista foi o **luteranismo**, predicado por Martiño Lutero, que defendía a salvación pola fe, o sacerdocio universal e a interpretación libre da Biblia.

Tamén negaba a soberanía do Papa e a xerarquía eclesiástica e conservaba dous sacramentos: bautismo e comunión.

- Outras doutrinas relixiosas reformistas que xurdiron do luteranismo foron:
 - O **calvinismo** defendía que só algunhas persoas están predestinadas a conseguir a salvación.
 - O **anglicanismo**, establecido polo rei inglés Henrique VIII, cando o Papa se negou a darlle a anulación do seu matrimonio.

- A difusión da Reforma por Europa impulsou as autoridades católicas a perseguir os protestantes e a reformar a súa propia Igrexa.
- Para loitar contra o protestantismo creouse a Congregación do Santo Oficio (ou Inquisición romana), que perseguía os herexes.
- A reforma da Igrexa católica (**Contrarreforma**) tivo lugar no **Concilio de Trento** (1545-1563), que reuniu as altas xerarquías da Igrexa e algúns reis.

Alí reafirmáronse os principais dogmas católicos: importancia da misa, culto á Virxe e aos santos, facer boas obras para conseguir a salvación...

Tamén se adoptaron medidas reformistas, como prohibir a venda de indulxencias, dar unha boa formación ao clero ou gardar o celibato (permanecer solteiro).

- Para difundir estas medidas, reformáronse moitas ordes relixiosas, como a das Carmelitas (creada por **Santa Teresa de Xesús**), e creáronse novas, como a Compañía de Xesús (por **Santo Ignacio de Loiola**).


1 Por que xurdiu a necesidade dunha reforma?

2 Explica as características principais do luteranismo:



Martiño Lutero criticou nas súas 95 teses a Igrexa católica.

3 Observa o mapa da difusión da Reforma e complétalo:




- Pinta, segundo a lenda, as zonas que continuaron sendo católicas (España, Portugal, Francia, Italia, Irlanda, Austria, Polonia, Bohemia).
- Fai o mesmo coa área luterana (Alemaña, Dinamarca, Noruega, Suecia, Prusia).
- Colorea as zonas calvinistas (Suíza, Países Baixos, Escocia).
- Pinta as áreas anglicanas (Inglaterra e Irlanda do Norte).

4 Que foi a Contrarreforma? Anota algúns dogmas católicos que se reafirmaron no Concilio de Trento e algunhas medidas reformistas que se adoptaron:

Dogmas:

Medidas:




4 O espírito do Renascimento. A arquitectura

- A **arte** da época recibiu as novas ideas humanistas e xurdiu así o **Renacemento**. Naceu en Italia e divídese en dous períodos: o *Quattrocento* (século XV) e o *Cinquecento* (século XVI).
- Os artistas renacentistas inspiráronse na Antigüidade clásica. Pretendían reflectir nas súas obras a **beleza ideal**, e consideraban o ser humano como a creación máis perfecta de Deus. Tamén se preocuparon polo estudo da natureza e do corpo humano.
- A relixión deixou de ser o aspecto máis importante da vida das persoas, e empezáronse a realizar **temas profanos** (non relixiosos) inspirados na mitoloxía grecorromana.
- Os artistas renacentistas asinaron as súas obras e empezaron a gozar de **prestixio** social.
- A **arquitectura renacentista** usou elementos da arte clásica: columnas e pilastras das ordes gregas e romanas, arcos de medio punto, frontóns, cornixas e mais cúpulas.

Os principais arquitectos do *Quattrocento* foron Filippo Brunelleschi e Leon Battista Alberti; os do *Cinquecento* foron Donato Bramante e Michelangelo, que interviñeron na construción da basílica de San Pedro do Vaticano.



Debuxo dunha figura humana de medidas proporcionadas, realizado polo humanista e artista italiano Leonardo da Vinci.



A basílica de San Pedro do Vaticano comezouse a construír no século XVI.

1 Observa o debuxo de Leonardo da Vinci e explica que se representa nel:


2 Que temas se comezaron a realizar co Renacemento? Por que?

3 Fíxate no debuxo dun palacio renacentista e realiza as actividades:

– Completa os elementos e estancias do debuxo:

- cuarto dos señores
- gran sala de festas
- estatuas clásicas
- cociña
- comedor

UN PALACIO RENACENTISTA



– Explica como cres que era a vida nun palacio renacentista:

4 Que caracterizou a arquitectura renacentista? Cita algúns arquitectos:

- A **escultura** renacentista interesouse, sobre todo, pola representación do corpo humano, seguindo os canons clásicos. Por iso, aos temas bíblicos engadíronselles os mitolóxicos. Usáronse sobre todo a mármore e o bronce.

Destacan no século XV os escultores Donatello e Ghiberti (*Portas do Baptisterio de Florencia*), e no XVI destacou Michelangelo, que se centrou na expresión dos sentimentos en obras como *A Piedade* ou *David*.

- A **pintura** quixo representar a realidade de xeito fiel. Por iso introduciuse a perspectiva (creaba sensación de profundidade) e pintáronse fondos con paisaxes arquitectónicas e naturais. Usáronse as técnicas do fresco e do tempero, e máis tarde o óleo.

- Os pintores máis destacados do Quattrocento foron Masaccio (*frescos da capela Brancacci*), Piero della Francesca (*A lenda da Vera Cruz*) e mais Sandro Botticelli (*O nacemento de Venus*).

Entre os pintores do Cinquecento salientaron tres artistas:

- Leonardo da Vinci: pintou grandes obras como *A Gioconda* e *A Derradeira Cea*.
- Rafael Sanzio: fixo *A Escola de Atenas*.
- Michelangelo: realizou os frescos da *Capela Sixtina*.



David, de Michelangelo



Un dos relevos das Portas do Baptisterio de Florencia, de Ghiberti.



O nacemento de Venus, de Botticelli.

1 Explica as características de cada disciplina:

Escultura:

Pintura:

2 Relaciona cada un destes autores coa súa obra. Escribe despois nos recadros se pertencen ao Quattrocento **Q** ou ao Cinquecento **C**:

- ☐ Michelangelo
- ☐ Leonardo da Vinci
- ☐ Botticelli
- ☐ Rafael Sanzio
- ☐ Ghiberti

Portas do Baptisterio de Florencia

A Escola de Atenas

O nacemento de Venus


David

A Gioconda

3 Fíxate nestas obras dos tres grandes pintores do Cinquecento:



O Xuízo Final.



Desposorios da Virxe.

– Cita os tres pintores que realizaron estas obras:

.....

.....

– Coñeces outras obras destes artistas?

Nomea algunha:

.....

.....

.....

.....



A Virxe, o neno Xesús e Santa Ana.

- O **Renacemento** italiano difundíuse cara a outros países europeos no século XVI.


- En **Flandres**, o Renacemento italiano tivo pouca influencia. Os pintores flamengos desenvolveron un estilo propio, caracterizado polo gusto polo detalle, o realismo e os retratos, sen referencias á Antigüidade grecorromana.

O pintor máis destacado foi **Pieter Brueghel o Vello**, que mesturou as novidades renacentistas cos temas populares flamengos.

- En **Alemaña**, o luteranismo fixo que a pintura non tivese un contido relixioso. Os temas predilectos da pintura alemá foron os retratos, as paisaxes e os temas mitolóxicos.

Alí, a estética renacentista foi introducida por **Alberto Durero**. Tamén destacaron **Hans Holbein e Lucas Cranach o Vello**.

- En **Francia**, a influencia italiana chegou moi cedo. Destacou a arquitectura, con castelos e mansións herdeiros do Gótico, pero con formas construtivas atrevidas e unha boa integración na natureza de arredor.



Palacio de Fontainebleau, Francia. Foi un gran centro artístico, onde se desenvolveu a chamada Escola de Fontainebleau, que fai referencia á pintura francesa deste período.

1 Cando se difundiu o Renacemento por Europa?

2 Explica as características do Renacemento en cada un destes países:

Flandres:


Alemaña:

Francia:


3 Completa esta táboa sobre a pintura renacentista en Europa:



Autorretrato, de Alberto Dürero.



O sermón de Martiño Lutero, de Lucas Cranach o Vello.



Os embaixadores, de Hans Holbein.



O empadroamento en Belén, de Pieter Brueghel o Vello.

	Título	Autor	País
1			
2			
3			
4			

7

A MONARQUÍA AUTORITARIA: OS REIS CATÓLICOS



Os Reis Católicos adorando a Virxe co Neno, táboa do século XV





No século XV pasouse da Idade Media á Idade Moderna. Medraron a economía, a poboación, a produción artesanal e a circulación da moeda.

A monarquía feudal deulle paso á monarquía autoritaria, e os monarcas impuxeron o seu poder sobre a nobreza.


Na Península Ibérica, os Reis Católicos iniciaron a construción dunha monarquía autoritaria e déronlle orixe ao Estado moderno. Baixo o seu reinado unificaron gran parte dos territorios peninsulares.

- 1 Observa o eixe cronolóxico e relaciona estes acontecementos coa data que lles corresponda:

Colón chega a América	1478
Navarra incorpórase a Castela	1492
Restablécese a Inquisición en Castela	1515
Matrimonio entre Isabel de Castela e Fernando de Aragón	1469

- 2 Fixate neste eixe e efectúa as seguintes actividades:

- Escribe o nome de cada período e pinta dunha cor diferente.
- Completa as datas e acontecementos que faltan.



- En 1469 casaron **Fernando**, futuro rei de Aragón, e **Isabel**, futura raíña de Castela, os chamados **Reis Católicos**.
- Ao herdaren os cargos, uniron ambos os dous reinos (1479), pero cada territorio mantivo as súas fronteiras, a moeda, o sistema fiscal, e as leis e institucións.
- Tamén uniron baixo a súa coroa o resto de territorios da Península Ibérica mediante unha **expansión territorial**:
 - Conquistaron o reino nazarí de **Granada** (1482-1492), en mans musulmás.
 - Anexionaron o reino de **Navarra** (1515), aliado de Francia.
 - Casaron as súas fillas, Isabel e María, consecutivamente co rei de **Portugal** e, aínda que non se conseguiu a unión, os enlaces deron o seu froito na época de Filipe II.
- Continuaron coa intervención da Coroa de Aragón no **Mediterráneo** ocupando o reino de Nápoles.
- Conquistaron diferentes prazas no Norte de África: Melilla, Orán e Bugía.
- Iniciaron a expansión cara ao **Atlántico** consolidando a súa soberanía sobre as illas Canarias.




Os Reis Católicos cunha das súas fillas. Minatura do devocionario de Xoana a Tola, ano 1482

1 Quen eran os Reis Católicos?

2 Como se logrou a unión de Castela e Aragón?

- 3 Observa polo miúdo este mapa da expansión territorial dos Reis Católicos e complétao:




- Pinta cunha cor diferente cada reino e territorio.
- Marca, segundo a lenda, a unión de Castela e Aragón. Escribe enriba a data en que se produciu.
- Agora repasa coa cor indicada na lenda, as expansións de Castela e de Aragón.
- Sinala con raias vermellas os territorios e reinos conquistados por Castela e Aragón.

- 4 Observa o mapa da actividade anterior e completa esta táboa sobre as conquistas dos Reis Católicos:

Reino/territorio	Ano	Reino/territorio	Ano
	1492		1505
Illas Canarias		Orán e Bugía	
	1497		1515

2 A construción da monarquía autoritaria

- Cos Reis Católicos impúxose o novo modelo de **monarquía autoritaria**, sobre todo en Castela.
- Na Coroa de Aragón mantivéronse as institucións medievais, pero creouse a figura do **vicereí**, o representante do monarca en cada territorio da Coroa.
- En Castela, a monarquía conseguiu impoñer por completo o seu poder. **Reformou as institucións** e creou algúns organismos:
 - A **Santa Irmandade**. Corpo armado que perseguía os criminais.
 - Os **Consellos**. Estaban formados por xuristas escollidos polo rei, encargados de lle dar asesoramento.
 - O **exército profesional** e permanente.
- A **Real Audiencia** ou Chancelaría controlaba a xustiza.
- A **Contaduría Real de Facenda** regulaba o sistema de recadación de impostos.
- Tamén crearon a figura do **corrixidor**, funcionario real que presidía e gobernaba o concello.
- Obrigóuselles aos xudeus a converterse ao cristianismo; os que non o fixeron foron perseguidos e expulsados (1492).
- O mesmo aconteceu cos musulmáns: a partir de 1499 obrigóuselles a bautizarse (mouros) ou a exiliarse.
- Para manter a **uniformidade relixiosa**, estableceron o **Tribunal da Inquisición**.



Os Reis Católicos impartindo xustiza.

1 Que modelo político impuxeron os Reis Católicos?

2 Que función tiña o vicerrei?

- 3 Completa esta táboa cos organismos que crearon os Reis Católicos en Castela:


Organismo	Función
A Santa Irmandade	
A Real Audiencia ou Chancelaría	
	Reforzar o sistema de recadación de impostos

- 4 Como se lle chamaba ao funcionario real que presidía e gobernaba o concello?

- 5 Que función tiña o Tribunal da Inquisición?

- 6 Traslada ao encrucillado estes conceptos referentes á nova monarquía dos Reis Católicos.

1. Funcionario real encargado de presidir o concello.
2. Institución que controlaba a xustiza.
3. Tribunal que controlaba a uniformidade relixiosa.
4. Representante do monarca nos tres territorios da Coroa.
5. Musulmán que se convertera ao cristianismo.



4 A difusión do Humanismo e do Renacemento

- As **ideas humanistas** tiveron pouca importancia na sociedade española do século XV. Destacaron os humanistas Luís Vives e Antonio de Nebrija.
- Na época dos Reis Católicos predominou a arte gótica, cunha **lenta penetración do Renacemento**, que non terá a súa plenitude ata o século XVI.
- A **arquitectura renacentista** española desenvolveuse en tres fases:
 - Estilo **plateresco**. Esta decoración (plateresca) utilizaba relevos semellantes aos que facían os prateiros.
 - Estilo **clasicista**. Introducíronse os modelos arquitectónicos clásicos (columnas, linteis, frontóns...).
 - Estilo **herreriano**. Caracterizado pola ausencia decorativa e as liñas rectas, que deron lugar a unha arquitectura sobria.
- A **escultura renacentista** española salientou pola representación e a espiritualidade relixiosa. Destacan **Alonso Berruguete** e **Juan de Juni**, moi influídos por Michelangelo.
- A **pintura renacentista** tamén estivo marcada pola **relixiosidade**. Pintores como **Luís de Morales** e **Alonso Sánchez Coello**, influídos por Rafael, dedicáronse á pintura relixiosa e aos retratos de corte.
- Pero o xenio da pintura renacentista española foi Doménikos Theotokópoulos (**O Greco**). Coas súas figuras alongadas buscaba a expresión dos sentimentos. Para iso utilizaba cores frías e realizaba composicións moi complexas.




Fachada da Universidade de Salamanca. Estilo plateresco



Retablo do Santo Enterro, de Juan de Juni

1 Que tres estilos existen na arquitectura renacentista española?

2 Observa esta obra do Greco e responde:



O Enterro do señor de Orgaz, do Greco.

– En que dous niveis se divide o cadro? Nomea as personaxes que hai en cada un:

Nivel

Nivel

3 Que característica principal teñen a escultura e pintura renacentista españolas? Anota o nome dun pintor e dun escultor español renacentista.

Característica:

Pintor e escultor: